

1329, xaneiro, 9  
*foro*

176

*O cabido afóralle a dúas voces a Macía Pérez, clérigo do coro, unhas casas na rúa da Obra, coa condición de erguelas, as voces pagarán 100 soldos.*

ACOu, Escrituras XVII, 69

Sabbeam quantos esta carta virem *que* nos Vaasco Perez deam d'Ourense e ho cabidoo desse lugar (est)ando em (hun)as casas da rua d'Oobra *que* som da capella *que* ordinou ho arçidiago dom Pero Fafiño, a *qual* capella agora tem Maçia Perez clerigo do coro d'Ourense em *commo* caerom, e *que* essa capella he tam pobre *que* nom ha senon essas casas e huna viña *que* está em Afonsillom, et em *commo* as rendas dessa capella som tam poucas *que* se non possam fazer as ditas casas por elas, et as casas estan derribadas e non rendan nen migalla aa dita capella. Por ende damos a vos o dito Maçia Perez clerigo do coro de Ourense a foro as ditas casas *que* essa capella ha na rua d'Oobra por tal condiçom *que* as façades de boas paredes e de sobrado e de boa madeyra a estimaçom de dous omes boons do dito cabidoo. Et apus vossa morte as ditas casas fiquen a duas voces *quaes* vos nomeardes em vossa vida ou em morte. Et as ditas duas voces *que* ficaren apus vossa morte fiquen diam çem *soldos* de brancas da moeda del rey don Fernando de *que* contan quatro diñeiros por tres *soldos* ou ha estimaçom delles ao *que* tener a dita capella cada anno por dia de Santa Oufemea. Et por vos averdes igleia enno bispado d'Ourense *que* vos non tollamos a dita capella, por ende a *qual* graça vos fazemos polas casas *que* caerom sobreditas. Et vos em vosa vida *que* sirvades a dita capella sigundo *que* vos foy dada. Et para as ditas casas fazer o dito Maçia Perez obrigou todos seus beens gaañados e por gaañar. Et se em este tenpo as ditas casas caerem *que* as façades vos o dito Maçia Perez em vosso tenpo ou as ditas voces em seu tenpo. Et se vos ou cada huna das ditas voces quiserdes vender ou deitar ou enpeñorar as ditas casas no dito tenpo, *que* as vendades ou deitedes ou enpeñoredes ante ao *que* tener a dita capella ca a outre polo justo preço, e se as el assy non quiser receber *que* as vendades ou enpeñoredes ao cabidoo d'Ourense ante ca a outre polo justo preço, et se as el assy non quiser receber enton as vendede ou deidade ou enpeñorade a atal ome *que* seia semellavil de vos e *que* cunpla e pague o dito foro cada anno *commo* dito he e agoarde as condiçoens sobreditas. Et se por ventura as ditas vossas voces non pagarem o dito foro cada anno *commo* dito he *que* o *que* tener a dita capella vos possa fazer aquela peñora *que* en Ourense he acostumada de fazerem polo alugueiro das casas. Et desto as ditas partes pidiron a min Afonso Viviaz coengo e chançeler *que* lles dese desto senllas cartas partidas por .a.b.c. Feyta a carta em Ourense, nove dias de janeiro, era de mill e trezentos e seseenta e sete annos. Tests. *que* a esto presente s forom Pero Lourenço, Pero Estevez, Johan Lourenço clerigos do coro d'Ourense, Gonçalvo Rella moordomo do cabidoo, Martin Fernandez, Afonso Lourenço coengos.

Et eu Affonso Viviaz coengo d'Ourense e cha[n]celer dessa cidade *que* a estas cousas presente foy e en mia presenza as fige escribir e este meu sinal y puge en testemuyo de verdade.

(sinal)

[reverso] Litera capituli.